

BANDO

USO PROFESIONAL E RECREATIVO DE DRONS

José M. Miñones Conde, alcalde-presidente do Concello de Ames (A Coruña)

INFORMO:

Os drons, vehículos aéreos non tripulados (VANT) manexados por control remoto, e están suxeitos a unha serie de normas, ao igual que o resto de aeronaves, para garantir a súa utilización responsable e sancionar o seu indebido uso (Lei 18/2014). Coa crecente popularidade do uso destes aparellos, é moi importante que se coñezan as normas ás que estas aeronaves están suxeitas. Este bando pretende informar sobre o marco regulador existente, así como as sancións e as pautas a seguir para a correcta utilización dos drons.

Antes de empregar un dron:

- Sempre hai que telo a vista e non superar os 120 metros de altura.
- Para o seu uso lúdico, non é necesaria autorización nin ser piloto, pero débese saber voalo con seguridade.
- Só se poden voar drons nas zonas adecuadas para o seu uso, por exemplo, zonas de voo de aeromodelismo, zonas despoboadas...etc
- Os danos que cause o dron son responsabilidade de quen o manexa.

Como ferramenta de traballo o operador é o responsable da aeronave, da operación e do cumprimento da normativa e hai que:

- Estar rexistrado en Axencia Estatal de Seguridade Aérea.
- Contar cun seguro de responsabilidade civil específico para aeronaves.
- Ser piloto de drons (ter coñecementos teóricos e prácticos da aeronave a pilotar).
- Ter o certificado médico en vigor.

Por último **non** se pode usar os drons:

- En zonas urbanas.
- En aglomeracións de persoas: parques, praias, concertos, vodas, manifestacións...
- De noite.
- Preto de aeródromos ou aeroportos.
- En zonas onde se realicen voos con outras aeronaves a baixa altura (zonas de parapente, paracaidismo, heliportos...)
- Sempre que se poña en perigo a terceiros.

O Concello poderá autorizar sempre o uso de drons en recintos completamente pechados que sexan da súa propiedade. No resto do casos a competencia para habilitar as actividades correspóndelle a Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA).

Posibles sancións


A persoas físicas:

Leves entre 60 e 45.000€, Graves entre 45.001€ e 90.000€ Moi graves entre 90.000€ e 225.000€.

A persoas xurídicas:

Leves entre 4.500€ e 70.000€ .Graves entre 70.001€ e 250.000€ Moi graves 250.000€ e 4,5 millos de euros.

Ames, 30 de decembro de 2015



Concello
de AMES
ALCALDÍA
Alcalde